

# I.- Xeneralidades

- 1.- A **Introducción** feita para a **Toponimia de Canedo** vale tamén para estoutro traballo. **Especialmente o primeiro parágrafo.**
- 2.- Os topónimos que se tratan son os das Entidades de Poboación, e dicir, os lugares habitados (casais, casaríos, aldeas, vilariños, vilares, etc.)
- 3.- Tras cada nome de lugar poñemos, entre paréntese, a Parroquia e o Concello.
- 4.- Caso de ter que incluír algún texto máis usaranse as seguintes abreviaturas: l: lugar; p: parroquia; C: Concello.
- 6.- Os Concellos de máis dunha palabra sinálanse, para gañar espazo, cunha forma abreviada, a saber:

Nogueira de Ramuín .....	Nogueira
O Pereiro de Aguiar .....	Pereiro
A Peroxa.....	Peroxa
San Cibrao das Viñas .....	San Cibrao

A comarca de Ourense é unha de tantas zonas de xeografía galega que se poderían sinalar como mostrario da toponimia galega. Non é que englobe todo o catálogo de topónimos galegos, nin moito menos, pero si que compendia unha boa representación de tódolos tipos de topónimos nos que os expertos dividen os estudos correspondentes: Orónimos, fitónimos, hidrónimos, antropónimos, haxiotopónimos, etc. Os topónimos máis representativos de Galicia están presentes nesta comarca. Se algunha diferenza hai son as propias das variantes fonéticas e morfolóxicas froito de pequenos cambios na evolución como pasa na lingua coloquial. Refírome a casos como 'Chao' fronte o máis común 'Chan' ou os de 'A Eirexa' ante 'A Igrexa'.

As palabras máis usadas como topónimos de Galicia son Outeiro, Igrexa/Eirexa, Castro, Vilar, Cruceiro, Torre e Souto, unhas veces con artigo e outras sen el. Sen ter en conta palabras compostas, nin plurais nin sintagmas nos que figuran temos a seguinte distribución: (\*)

palabra	Con artigo	Sen artigo	suma
Outeiro	395	147	542
Eirexa / Igrexa	452	10	462
Castro	304	68	372
Vilar	180	172	352
Torre	204	2	206
Souto	151	49	200

Fáltanlle –ó ser unha comarca de interior- os elementos propios do mar e da mariña, pero isto non invalida o que dicimos.

Os topónimos son, antes que nada, sonidos. Fagamos, pois, unha viaxe retrospectiva por ese mundo dos sonidos dende hoxe mesmo ata aqueles tempos de ecos descoñecidos ós que unicamente podemos, dificultosamente, imaxinar.

(\*) Damos estas cifras a título orientativo, máis a xeito de ambientación que de outra cousa. Unha estatística exacta sería demasiado complexa e desatenderíamos o tema principal. Para resultados máis completos consultar estas dúas fontes:

<http://sli.uvigo.es/toponimia/>  
<http://toponimia.xunta.es/gl/inicio>

## # 0.- TOPÓNIMOS NOVOS.-

Estou seguro de que neste mesmo intre se están a formar topónimos novos sen que nós nos decatemos. Outros son moi recentes. Na parroquia de Santa Cruz de Arrabaldo (Concello de Ourense) ou na de Melias (Coles) hai senllos lugares chamados **A Estación** (\*). Estes nomes non se refiren concretamente á estación do ferrocarril senón ós grupos de casas que en ambos casos se formaron na súa proximidade. Quizais os veciños non teñan conciencia de que están nomeando un topónimo e cando din que alguén vive na "estación" están querendo dicir que vive "nas casas que hai xunto á estación". Pois ben, a forma abreviada de dicir todo iso ("a estación") é precisamente... un topónimo. Que quizais aínda é tan incipiente que moita xente non o escribiría coa maiúscula dun nome propio senón coa minúscula dun nome común, é certo, pero así empezaron todos os topónimos.

Igualmente (e seguimos co mundo ferroviario) en Ourense, na estrada que vai do Vinteún a Oira, hai un lugar chamado **A Casilla**. Vén de 1885, cando se inaugurou a liña Ourense-Monforte. Alí e en máis sitios, nos cruces da vía con estradas, había unhas barreiras de paso a nivel e os guardeses que as atendían vivían alí mesmo nuns edificios que lle chamaban "casillas". Co tempo desapareceron ou quedaron sen uso. Esta da que falamos aínda está alí, penso que deshabitada, pero uns grupos de casas que se edificaron nas súas cercanías pronto foron coñecidas como "A Casilla", topónimo híbrido de artigo galego e apelativo castelán.

Outro exemplo, de principios do século XX. Cando Canedo era Concello independente celebraba unha feira de gando nunha chaira situada entre Cudeiro e o Bellao. Esta feira era tódolos días 21 e o lugar onde se celebraba ("sitio onde se fai a feira do vinteún") pasou a ser coñecido primeiro coma "Feira do Vinteún" e despois, e agora, como "**O Vinteún**".

Eu, cando escoito falar da Casilla ou do Vinteún, asocio, automaticamente, ese significante co seu orixinario significado. Os meus fillos, xa non. É dicir, para min son o que se chama topónimos transparentes. Todos os topónimos, absolutamente todos, incluso os que teñen miles de anos, foron no seu primeiro momento así. Transparentes. Intelixibles para todos os falantes do lugar. Sería o paso do tempo, os cambios de circunstancias e, sobre todo, os cambios e evolucións das linguas os que motivarían que a maioría dos topónimos deixasen de ter un sentido. Pero iso xa non importa. Eles aí seguiron, impertérritos, encaixados e fixados na linguaxe, cumprindo o seu cometido: dar nome ós lugares. (Os topónimos non teñen valor semántico, non significan nada; pero si que o tiveron nalgún primeiro momento.)

(\*) Este lugar de Coles -A Estación- é o que moita xente cre, erroneamente, que se trata de Barra de Miño, cando esta é unha pequena aldea que está a 4 Kms. (O erro parte de que se chama así a estación do tren, pero non o lugar.)

## # 1.- ¿LATÍN OU GALEGO?

1.1.- Os topónimos máis “novos” (é unha forma de falar) son os que proceden do latín. Moitos deles, os máis transparentes, coinciden na súa forma con palabras do galego común sendo imposible precisar (pola simple observación) se foron postos por primeira vez en galego ou na lingua dos romanos. Algo normal se temos en conta que os topónimos transparentes, precisamente por selo, irían evolucionando en paralelo coa lingua. Explicarémolo cun exemplo, o do topónimo máis abondoso e reproducido non só nesta comarca ourensá senón tamén en toda Galicia. Refírome a ‘**Outeiro**’ o cal (con distintas variantes sen importancia) repítese 28 veces na comarca e cerca de 600 en todo o país:

**Outeiro** (l. da p. e C. de Amoeiro)

**Outeiro** (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro)

**Outeiro** (Cudeiro, Ourense)

**Outeiro** (Triós, Pereiro de Aguiar)

**Outeiro** (Toubes, Peroxa)

**Outeiro** (Vilarrubín, Peroxa)

**Outeiro** (Ribela, Coles)

**Outeiro de Carracedo** (Carracedo, Peroxa)

**Outeiro de Melias** (S. Miguel de Melias, Coles)

**Outeiro Calvo** (Soutopenedo, San Cibrao)

**O Outeiro** (Faramontaos, Nogueira)

**O Outeiro** (Ourense; ó lado das Burgas, no saínte onde está o cárcere vello, antes outeiro con relación o entorno.)

**O Outeiro** (Palmés, Ourense)

**O Outeiro** (Santa Cruz de Arrabaldo, Ourense)

**O Outeiro** (Untes, Ourense)

**O Outeiro** (Velle, Ourense)

**O Outeiro** (San Xoán de Moreiras, Pereiro de Aguiar)

**O Outeiro** (Santa Marta de Moreiras, Pereiro de Aguiar)

**O Outeiro** (Soutopenedo, San Cibrao)

**O Outeiro** (Soutomaíor, Taboadela)

**O Outeiro** (Torán, Taboadela)

**O Outeiro** (Alongos, Toén)

**O Outeiro de Beacán** (Beacán, Peroxa)

**Outeiriño** (Vilarrubín, Peroxa)

**Outeiriños** (San Xes da Peroxa, A Peroxa)

**O Outeiriño** (O Mesón de Calvos, Taboadela)

**Os Outeiriños** (S. Miguel de Melias, Coles)

**Outeiromeao** (Santa Marta de Moreiras, Pereiro de Aguiar)

Pois ben, a palabra ‘outeiro’ deriva de *altarium*, do mesmo significado. A súa evolución fonética foi (é un supoñer) algo así: *altarium* > *autarium* > *autario* > *autairo* > *auteiro* > *outeiro*.

Agora ben, cando a un outeiro determinado os habitantes dun territorio o “bautizaron” ¿con cal deses seis supostos nomes sucesivos o fixeron? Evidentemente depende da etapa lingüística na que isto ocorre, pero non hai dúbida de que fose esta cal fose, tratándose dunha palabra que todos identificaban e asimilaban cun sentido, ó ir evolucionando a fala, esa palabra-topónimo iría evolucionando exactamente igual que a palabra-apelativo.

Isto fai que, se non existe algunha outra proba que o mostre e aclare, é imposible saber se ese topónimo ten 100 anos (porque llo puxeron os nosos avós en galego) ou ten 2000 (porque llo puxeron os devanceiros en latín). Con todo, entre os 28 casos, haberá diferenzas, pero aínda así eu non creo que ningún deles sexa posterior a Idade Media. Na documentación do século XIII xa figura como topónimo de moitos sitios así como apelido, aparte de apelativo.

1326, “Sabean quantos esta carta virem que eu, Elvira Fernández, filla de Fernán Fernández que foy do **Outeyro de Moreyras dAguiar** ...”, San Pedro de Rocas (\*)

(\*) Esta e o resto de citas documentais están tomadas de: **Corpus Xelmírez - Corpus lingüístico da Galicia medieval** - <http://sli.uvigo.es/xelmirez/>

Tal como dixemos, hai nesta comarca moitos topónimos coincidentes cos máis repetidos de Galicia. Teñen unha cousa en común e é a súa preferencia polo artigo. Como é ben sabido o galego é unha lingua ben afeccionada o uso de artigo. Isto, e mais a propia evolución dun sistema flexivo a outro analítico, seguramente propiciou que aqueles topónimos que se formaron xa en romance leven artigo mentres que os que se fixeron antes, durante a vixencia do latín, non o leven. ¡Xa me gustaría que isto fose así, pero sen estudar caso por caso –supoñendo que fose posible- non se pode asegurar nada!

1.2.- O segundo grupo de topónimos segundo a súa frecuencia en Galicia é o dos concernentes a ‘**Igrexa / A Igrexa / Eirexa / A Eirexa**’. Na forma ‘A Eirexa’ -concentrados en Ourense e sur de Lugo- hai 70, máis outros 2 sen artigo. De ‘A Igrexa’ -máis común na totalidade do territorio- hai 403 con artigo e 8 sen el. Na comarca ourensá contamos 14, todos eles da forma ‘A Eirexa’:

**A Eirexa** (Ribela, Coles)

**A Eirexa** (Loña do Monte, Nogueira)

**A Eirexa** (Beiro, Ourense)

**A Eirexa** (S. Miguel de Canedo, Ourense)

**A Eirexa** (Reza, Ourense)  
**A Eirexa** (Untes, Ourense)  
**A Eirexa** (Vilariño, Pereiro)  
**A Eirexa** (Rante, S. Cibrao)  
**A Eirexa** (Sta. Cruz da Rabeda, S. Cibrao)  
**A Eirexa** (Soutopenedo, S. Cibrao)  
**A Eirexa** (Torán, Taboadela)  
**A Eirexa** (Puga, Toén)  
**A Eirexa** (Reádegos, Vilamarín)  
**A Eirexa** (Tamallancos, Vilamarín)

Eirexa é unha das varias derivacións da palabra do latín vulgar *eclesia* ou do clásico *ecclesia*, tomada esta á súa vez do grego co significado primario de ‘assemblea de cristiáns’ e logo, tamén, co do propio lugar da assemblea. Dado que a construción destas igrexas rurais dátase a partir do século XII o topónimo non pode ser anterior, xeralmente.

**1.3.-** A terceira familia toponímica galega en canto a frecuencia e a de ‘**O Castro**’. Hai uns 400 entre “O Castro” (a inmensa maioría), “Castro”, “Os Castro” e algúns compostos. Na comarca:

**O Castro de Beiro** (l. e p. de Ourense)  
**O Castro** (Taboadela, Taboadela)  
**Castro de Covas** (Covas, Pereiro)  
**Castroverde** (Noalla, San Cibrao)

‘Castro’ ven de *castrum* ‘campamento fortificado’. Á vez, do seu diminutivo *castellum* deriva ‘castelo’. Hoxe chámase castro a todo outeiro onde hai vestixios de fortificacións antigas sendo –a nivel popular- case un estereotipo para designar as cidades prerromanas –celtas ou non- coas que se atoparon os romanos nas cimas dos montes e desde as que –convenientemente fortificadas- facían a oposición militar. Sen embargo non se pode xeneralizar e pode haber lugares chamados así que deban o nome non a un castro prehistórico senón a un castelo ou a outra fortificación menor que nalgún momento puido existir nese sitio.

1251: “Ego Maria Fernandi Illa Ona in Ramiranis cum capitulo ipsius loci, damus adque concedimus tibi Fernando Petri et omni uoci tue unum terrenum de nostro casali de **Castro**,” (San Pedro de Ramirás). [Obsérvese que o texto está en latín medieval pero o topónimo, por ser tal, mantén a forma do romance.]

Un híbrido de ‘castro’ e ‘castelo’ (mantendo o carácter diminutivo deste último) é ‘Castrelo’:

**Castrelo** (Armariz, Nogueira)

**1.4a.-** En cuarto lugar temos outro grupo, o relacionado con ‘**Vilar**’.

**Vilar** (Vilar de Cerreda, Nogueira)  
**Vilar** (Prexigueiró, Pereiro)  
**Vilar** (Triós, Pereiro)  
**Vilar** (San Xes da Peroxa, Peroxa)  
**Vilar** (l. da p. e C. de Taboadela)  
**Vilar** (Orbán, Vilamarín)  
**Vilar da Barra** (Ucelle, Coles)  
**Vilar de Carracedo** (Carracedo, Peroxa)  
**Vilar de Corbelle** (Gual, Peroxa)  
**Vilar de Ordelles** (l. e p. de Esgos)  
**Vilar de Astrés** (l. e p. de Ourense)  
**O Vilar** (l. da p. e C. de Toén)  
**Vilariño** (l.e p.de Pereiro)  
**Vilariño** (O Castro de Beiro, Ourense)  
**Vilarello** (Toubes, Peroxa)  
**Vilarchao** (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles)  
**Vilarchao** (Calvelle, Pereiro)

1332: “...hun nosso casar que nos avemos na frigisía de Santa María de **Vilar d’Ordeelas**, o qual est no lugar que chaman a Pousa;” (San Pedro de Rocas)

**1.4b.-** Emparentados con estes últimos, aínda que non sexan a mesma cousa, están os relativos a ‘**Vila**’. Aparentemente son afíns, pero teñen orixe distinta. ‘*Vila*’ designaba en latín (escrito *villa*) primeiramente unha ‘casa de campo ou granxa’, máis tarde unha aldea e, logo, alá polos séculos XII e XIII, unha poboación xa máis grande, xeralmente con algúns privilexios recoñecidos. Hoxe sigue totalmente viva e incluso hai varias destas poboacións que na súa zona de influencia son coñecidas polos veciños como A Vila (por ex. Ribadavia), independentemente de selo tamén polo seu nome propio. Pola súa parte ‘Vilar’ procede do latín *villaris* e sempre significou un conxunto limitado de casas, e dicir, unha vila pequena ou unha aldea grande. Fora da toponimia hoxe apenas se se usa. (Vilar ten –ou tivo- outra acepción de tipo agrícola pero non creo que teña nada que ver.)

**A Vila** (Toubes, A Peroxa)

Con todo, este topónimo, onde mellor se conservou na nosa zona, foi como elemento de nomes compostos (só Vilanova hai 117 en toda Galicia) ou como dato de situación relativa respecto do resto de veciñanza dun conxunto de poboación:

**Vilanova** (A Barra, Coles)  
**Vilanova** (Ribela, Coles)  
**Vilanova** (A Carballeira, Nogueira)  
**Vilanova** (San Miguel de Canedo, Ourense)  
**Vilanova** (A Peroxa, Peroxa)  
**Vilanova** (Soutopenedo, San Cibrao)  
**Vilaboa** (Parada de Amoeiro, Amoeiro)  
**Vilaboa** (Santa Mariña de Albán, Coles)  
**Vilaboa** (Sabadelle, Pereiro)  
**Vilaboa** (Carracedo, Peroxa)  
**Vilaescusa** (A Valenzá, Barbadás)  
**Vilamaior** (Carracedo, Peroxa)  
**Vilamarín** (l., p. e C.)  
**Vilarrubín** (l. e p. da Peroxa)  
**Vilouriz** (Loña do Monte, Nogueira)  
**Vilouxé** (Cerreda, Nogueira)  
**Vilasuxá** (Moura, Nogueira)  
**Vilasusá** (O Souto, Peroxa)  
**Cima de Vila** (Rouzós, Amoeiro)  
**Cima de Vila** (Barbadás, Barbadás)  
**Cima de Vila** (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles)  
**Cimadevila** (S. Miguel do Campo, Nogueira)  
**Cimadevila** (Melias, Pereiro)  
**Cimadevila** (Sta. Marta de Moreiras, Pereiro)  
**Fondo de Vila** (Trasalba, Amoeiro)  
**Fondo de Vila** (Vilamarín, Vilamarín)  
**Fondo de Vila** (Parada de Amoeiro, Amoeiro)  
**Fondo de Vila** (Trasalba, Amoeiro)  
**Fondo de Vila** (Loña do Monte, Nogueira)  
**Fondodevila** (Os Pensos, Esgos)  
**Cabo de Vila** (Albán, Coles)  
**Miegodevila** (Melias, Coles)

1417: “o noso lugar de **Cima de Vila**, que perteesce a oveença do dito noso mosteiro, así como está marcado et divisado con todas suas perteenças a montes et a fontes por u quer que van, sub signo de San Miguel do Canpo,” (Santo Estevo de Ribas de Sil)

1.5.- O sexto grupo, en termos cuantitativos, é o de ‘**A Torre**’, con algo máis de 200 núcleos. Na comarca:

**A Torre de Rouzós** (Rouzós, Amoeiro)  
**A Torre** (Albán, Coles)  
**A Torre** (Soutopenedo, San Cibrao)

É difícil imaxinar outra cousa que non sexa as típicas construcións defensivas (latín *turris*, *-is*), erguidas en pedra e máis altas que longas, tanto se son parte dun conxunto superior coma se están illadas. Con todo sempre é posible que nalgún lugar houbera unhas penas prismáticas con forma de torre e que a imaxinación popular lles dese ese nome de forma metafórica. E tampouco, segundo os casos, se pode descartar a posibilidade dunha relación coa raíz prerromana \**Tur-* ou \**Turr-*, ‘fonte, río’.

1505: “... en presenza de min notario e dos testigos ajuso escriptos, estando este dito dia eno lugar onde dizen **la torre de Rouçoós** el reuerendo padre señor don Ares de Santa María, prior do mosteiro de Santa Coonba de Nabes,...” (Vida e fala dos devanceiros)

1.6.- Tamén, ó redor de 200 en Galicia, temos o conxunto dos ‘**Soutos**’. Souto ven de *saltus* que en latín, orixinariamente, significaba ‘pastizal con bosque’ ou ‘portela, paso entre montañas’. Pasou ó galego co valor de ‘bosque de castiñeiros’, valor co que segue vivo.

**Souto** (Amoeiro, Amoeiro)  
**Souto** (Loña do Monte, Nogueira)  
**Souto** (Rante, San Cibrao)  
**Souto de Rei** (Cudeiro, Ourense)  
**Souto do Chao** (A Carballeira, Nogueira)  
**O Souto** (Melias, Coles)  
**O Souto** (Vilarrubín, Peroxa)  
**O Souto** (Boimorto, Vilamarín)  
**O Souto** (p. da Peroxa)  
**O Souto do Río** (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense)  
**Soutomanco** (Trasalba, Amoeiro)  
**Soutoverde** (Seixalbo, Ourense)  
**Soutosanín** (Tras do Hospital, Ourense)  
**Soutomaior** (l. e p. de Taboadela)  
**Soutopenedo** (p. de San Cibrao)

**Souto Bravo** (Rante, San Cibrao)  
**Soutelo** (Stas. Olalla de Esgos, Esgos)  
**Soutelo** (Cudeiro, Ourense)  
**Soutullo de Abaixo** (Coles, Coles)  
**Soutullo de Arriba** (Gustei, Coles)

1435: "...et agora o señor abade da Triindá Martín Sanches avya birado a dita vendimia et avya dado ena Balancá, qual se non deuya de dar ata que fose á Carbaleira, e agora andauan en **Souto Sanyñ**, por ende que lles requería que lle fosen tirar as vendimadeiras da viña e o pinorasen por la pena, e non lle consentisen que a birasen..." (Vida e fala dos devanceiros)

1.7.- O grupo dos derivados de *palatiu*, a saber, '**Pazo**', '**Pacio**' e '**Palacio**' é practicamente imposible de cuantificar. Nos Nomenclátore e listaxes figuran máis de 500 referencias con algún deses nomes, pero moitos refírense a pazos reais que seguen presentes e que non se poden considerar propiamente como entidades de poboación. (Hai tamén algún Pazó e un par de Pacifios.)

**O Pazo** (Triós, Pereiro)  
**O Pazo** (Gargantós, San Cibrao)  
**O Pazo** (Puga, Toén)  
**Pazos** (O Castro de Beiro, Ourense)  
**Pazos** (Armental, Peroxa)  
**Pazos** (Soutopenedo, San Cibrao)  
**Pazos** (Santiago da Rabeda, Taboadela)  
**Pazos de Monte** (Vilamarín, Vilamarín)  
**Pazos de San Clodio** (l. e p. de San Cibrao)  
**Pacio** (Faramontaos, Nogueira)  
**Pacio** (Carracedo, Peroxa)  
**O Pacio** (l.da p. de Velle, Ourense)  
**Pacios** (l. da p. e C. de Nogueira de Ramuín)  
**Pacios** (Toubes, Peroxa)  
**Pacios** (San Miguel de Melias, Coles)  
**O Palacio** (Orbán, Vilamarín)  
**O Palacio** (Vilamarín, Vilamarín).

Son todos eles derivados da voz *palatiu* aínda que se toponimizaron en fases de evolución distintas. As formas '**Palacio**' e '**Pacio**' son as máis primitivas, pero isto non quere dicir que en canto topónimos sexan máis antigos pois puido ocorrer que os outros fosen variando o nome concordes coa fala e estes non.

1476: "Sabean todos como en presenza de min Gonzalvo Eans, notario publico en terra de Sayoane e de Novoa e do Rivero d'Avia por lo endeantado Diego Sarmiento, estando eu dito notario en o casar da Levada que e en **Pazos** hermosos, frigesia de san Lorenzo da Pena,..." (San Clodio do Ribeiro).

1.8.- Igualmente '**Campo**' é un topónimo tamén difícil de cuantificar por canto hai rexistrado moito campo de fútbol, da feira ou da festa dos que habería que estudar un por un para ver se hai núcleo habitado ou non. Na comarca temos:

**Campo Novo** (Palmés, Ourense)  
**Os Campos** (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense)  
**O Campo** (Toén, Toén)  
**San Miguel do Campo** (p. de Nogueira)  
**As Campinas** (Vilar de Ordelles, Esgos)

Todos eles do latín *campus*, igual que o apelativo campo.

1346: "o noso casar de Cacavellos, que está en Gondiaes, que he ena fiiguesía de **San Miguel do Campo**, por tal condición que o pobredes e moredes e lavredes e paredes ben e chantedes,"(San Pedro de Rocas)

1.9.- Vistas estas referencias -todos nomes que suman máis de 200 casos cada un- ímonos fixar agora en outros 4 grupos que completan aqueles que están repetidos máis de 100 veces en todo o país. Son os seguintes:

#### **Casanova / Casal / Casar:**

**Casanova** (Melias, Coles)  
**Casanova** (Viñoás, Nogueira)  
**Casanova** (Mesón de Calvos, Taboadela)  
**A Casanova** (A Barra, Coles)  
**A Casanova** (Os Pensos, Esgos)  
**A Casanova** (San Xoán de Moreiras, Pereiro)  
**A Casanova** (Rante, San Cibrao)  
**O Casar** (Graíces, Peroxa)  
**Os Casares** (Amoeiro, Amoeiro)  
**Os Casares** (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense)



**Casarío** (Tibiás, Pereiro)  
**As Casarizas** (Mirallós, Peroxa)  
**Casagrande** (Canedo, Ourense)  
**Casagrande** (Reza, Ourense)  
**Casardomato** (Canedo, Ourense)  
**Casar do Mato** (Sta. Cruz de Arrabaldo, Ourense)

1473: "Item aforan a Pedro Cortido et a quatro voces o noso lugar de **Casanova** que jaz en o noso couto de Sam Lourenço." (Libro tumbo de pergamiño Oseira)

#### Cósta:

**Costa da Cabra** (San Xes da Peroxa, Peroxa)  
**Costa de Monte** (Amoeiro, Amoeiro)  
**A Costa** (Cabeza de Vaca, Ourense)  
**A Costa** (Cudeiro, Ourense)  
**Cima da Costa** (O Castro de Beiro, Ourense)  
**Fondo da Costa** (S. Miguel de Canedo, Ourense)  
**Costela** (Sto. Eusebio da Peroxa, Coles)  
**A Costela** (Faramontaos, Nogueira)

#### Cruceiros:

**Os Cruceiros** (Melias, Coles)

#### Pena:

**A Pena** (Vilariño, Pereiro)  
**A Pena** (Reádegos, Vilamarín)  
**A Pena** (A Carballeira, Nogueira)  
**Pena Redonda** (Ourense)  
**Penas Albas** (Sta. Mariña de Albán, Coles)  
**Pena do Chao** (Viñoás, Nogueira)  
**Penalba** (Viñoás, Nogueira)

A palabra *pinna* xa en latín era polisémica. Valía para unha pluma de ave ('pena' en galego arcaico), para as aletas dos peixes e para as ameas dunha fortaleza ou muralla. Foi esta última acepción a que se comezou a aplicar ás rocas que coroaban as cristas dun monte (por semellanza coas ameas) e así deste xeito chegou a servir para designar as penas, rocas ou rochedos. (É, ó mesmo tempo, homófona doutra distinta, a concernente a mágoa ou castigo, derivada de *poena*.) No sentido pétreo mencionado é no que se usou para construír os topónimos.

**1.10.-** E así poderíamos seguir con moitos transparentes máis, xurdidos do latín (ben directamente, ben a través do romance) e que veremos na listaxe xeral da comarca. Moitos deles a pesar de chamarse transparentes por estar representados por unha palabra do léxico común non saberíamos dicir (ou, polo menos, non o sei eu) cal foi o motivo do seu uso nese caso. Por exemplo **O Coitelo** (Viñoás, Nogueira), **A Ra** (Boimorto, Vilamarín), etc. Sabemos o que esas palabras significan como apelativos, pero non como topónimos.

## # 2.- HAXIOTOPÓNIMOS, OU TOPÓNIMOS CON NOMES DE SANTOS.

Aparte do feito de que as parroquias leven aparelado o nome dun santo hai moitos lugares e aldeas que teñen un de tales nomes como topónimo. Unhas veces por coincidir coa localización da igrexa parroquial, outras por ser ou ter sido solar dalgún templo e outras sen razón coñecida. Algunhas destas quizais fosen fundacións de mosteiros ou de nobres feitas baixo esas advocacións. (Por ex. a aldea de San Lourenzo, en Coles, onde houbo un priorado de Oseira.) Outras ben puideron ser ermidas –ou instalacións aínda máis simples– erguidas por anacoretas e eremitas no medio do monte, con anterioridade ós cenobios e mosteiros. Alá polos séculos IX e X. (Como se pode ver na lista de máis abaixo todos os nomes pertencen a advocacións dos primeiros séculos do cristianismo)

Tampouco se pode desbotar a idea (aínda que non haxa nada que incite a pensalo) que algún destes nomes puidese vir dalgunha divindade pagán que, despois co tempo, fose cristianizada.

As parroquias están definidas, polo menos, desde o século XII ou XIII.

Os lugares que se chaman igual que o santo titular da parroquia son:

**San Cibrao das Viñas** (l. da p. e C. do mesmo nome)  
**San Cibrao** (l. da p. de San Cibrao de Armental, Peroxa)  
**San Martiño** (l. da p. de San Martiño de Moreiras, Pereiro )  
**San Miguel** (l. da p. de San Miguel de Calvelle, Pereiro)  
**San Paio** (l. da p. de Bóveda de Amoeiro (S. Paio), Amoeiro)  
**San Pedro de Rocas** (l. da p. de S. Pedro de Rocas, Esgos)  
**San Salvador** (l. da p. de San Salvador de Prexigueiró, Pereiro de Aguiar)  
**San Xes** (l. da p. de San Xes da Peroxa, Peroxa)  
**San Xoán de Moreiras** (l. da p. de San Xoán de Moreiras, Pereiro)  
**San Xurxo da Touza** (l. da p. de San Xurxo da Touza, Taboadela)  
**Santa Comba de Gargantós** (l. da p. de Sta. Comba de Gargantós, San Cibrao das Viñas)  
**Santa Cruz** (l. da p. de Santa Cruz de Rubiacós, Nogueira)

**Santa Cruz** (l. da p. de Santa Cruz da Rabeda, San Cibrao das Viñas)  
**Santa Mariña** (l. da p. de Sta. Mariña de Albán, Coles)  
**Santa Mariña** (Sta. Mariña do Monte, Ourense)  
**Santa Marta** (l. da p. de Santa Marta de Moreiras, Pereiro)  
**Santo Estevo de Ribas de Sil** (l. e p. de Nogueira de Ramuín)  
**Santo Eusebio da Peroxa** (p. do C. de Coles)  
**Pazos de San Clodio** (l. da p. de Pazos de San Clodio, San Cibrao das Viñas)

Os outros lugares que se identifican co nome dun santo (distinto ó parroquial) son os seguintes:

**San Amaro** (l. da p. e C. de Barbadás )  
**San Benito da Veiga** (l. da p. de Sabadelle, Pereiro)  
**San Fiz** (l. da p. de Soutomaior, Taboadela)  
**San Lourenzo** (l. da p. de San Miguel de Melias, Coles)  
**San Mamede** (Velle, Ourense)  
**San Martiño** (l. da p. de Carracedo, Peroxa)  
**San Nicolao** (l. da p. de Mirallos, Peroxa)  
**San Paio** (l. da p. de Carracedo, Peroxa)  
**San Pedro** (As Caldas, Ourense)  
**San Salvador** (l. da p. de Vilaríño, Pereiro de Aguiar)  
**San Vicente** (l. da p. de A Carballeira, Nogueira)  
**San Xiao** (l. da p. de Fontefría, Amoeiro)  
**Santa Ana** (As Caldas, Ourense)  
**Santa Baia** (l. da p. de Celagantes, Peroxa)  
**Santa Baia** (l. da p. de Cornoces, Amoeiro)  
**Santa Baia** (l. da p. de San Martiño de Moreiras, Pereiro)  
**Santa Locaia** (l. da p. de O Mesón de Calvos, Taboadela)  
**Santa Marta** (l. da p. de Noalla, San Cibrao das Viñas)  
**Santa Ouxea** (l. da p. de Graíces, Peroxa)  
**Santa Ouxea** (l. da p. de Piñor, Barbadás)  
**Santa Següiña** (l. da p. de Faramontaos, Nogueira) (\*)  
**Santa Xusta** (l. da p. de A Carballeira, Nogueira)  
**Santo Estevo** (l. da p. e C. da Peroxa)  
**Santo Tomé** (Tras Hospital, Ourense)  
**A Cruz de Rante** (l. da p. de Rante, San Cibrao)  
**Os Gozos** (Sta. Marta de Moreiras, Pereiro)  
**Seoane** (S. Miguel de Canedo, Ourense)  
**Seoane** (Sabadelle, Pereiro)  
**Seoane** (Coles, Coles)

(\*) O nome desta **Sta. Següiña** intrigoume desde o primeiro momento. Mirei no Santoral Católico e o máis parecido é unha Santa Secundina cuxa festa se celebra o 15 de Xaneiro. Mirei tamén nun dicionario de nomes<sup>(13)</sup> e tampouco o atopei. Está, si, rexistrado o nome Saeculinus (“Moi ancián, centenario”) que ten como feminino **Seculina**.

Posteriormente atopei unhas referencias de hai 1000 anos, nas cales figuran uns nomes (Seculina, Seguline, ...) que, estando situadas na mesma zona, é case seguro que se estean a referir á mesma "santa":

1007: “... *Item et alia villa in ripa de Laonia que vocitant **Sancta Seculina** et ecclesia Sancte Marie virginis prope ipsa ecclesia de **Sancta Seculina** ex altera parte rippe fluminis Laonie, ...*”, (San Pedro de Rocas)

1065: “...*uilla nostra propria quam habemus in territorio Bubalense discurrante riuulo Laonie circa ecclesiam **Sancte Seguline** ...*”, (San Vincenzo de Pombeiro)

### # 3.- NOMES DE POSESOR.-

Moitos lugares teñen como topónimo un nome herdado doutro que no seu día tiveron e que facía alusión a un fundador, un propietario ou un residente importante, o que, xeralmente, se soe chamar un posesor. Os formados deste xeito podémolos encaixar en 3 etapas. Os máis antigos (dos que menos quedan) estarían formados a partir dun adxectivo relativo ó posesor. Caso, por exemplo, de **A Valenzá** (Barbadás). Esta palabra é unha evolución da latina *Vallentiana* e esta, á súa vez, é un adxectivo referido ó nome *Vallentius*. En orixe o nome estaría formado pola expresión ‘*Villa Vallentiana*’ (pronúnciese Vila Valenciana) e, despois, por supresión da primeira palabra (que quedaría como tácita) e por evolución da segunda (*Vallentiana* > Valenzá) chegamos ó nome actual.

A segunda etapa no tempo (ss. VI a IX, xeralmente con nomes suevos e visigodos) sería a das formadas tamén por un sintagma latino de dúas palabras na que a primeira sería a designación do tipo de propiedade (probablemente predominaría ‘*villa*’ -co sentido de casa de campo-) e a segunda sería o xenitivo latino do nome do tal posesor. Por exemplo: ‘*villa Albani*’, ‘*villa Cipriani*’ ou ‘*villa Vilifonsi*’ (que traducidos hoxe serían Vila de Albanus, Vila de Ciprianus e Vila de Vilifonsus). Estas tres expresións, por economía lingüística, quedaron reducidas á segunda palabra e así *Albani*, *Cipriani* e *Vilifonsi*, despois de moitos anos e por efectos da evolución lingüística, viñeron en dar, respectivamente, **Albán** (Coles), **Cibrán** (Vilamarín) e **Guilfonxe** (Amoeiro).

A terceira etapa, máis recente, é aquela na que a primeira palabra –o tipo de construción- está, máis ou menos expresada no nome final. Son topónimos do tipo **Casdemiro**, **Casdosteo** ou **Casdemendo** nos que facilmente se aprecia un apócope da palabra ‘casa’, o uso da preposición ‘de’ e o nome do posesor (máis ou menos evolucionado): “Casa-de-Miro”, “Casa-de-Osteo” ou “Casa-de-Menendo”. (Concellos de O Pereiro de Aguiar, Nogueira de Ramuín e San Cibrao das Viñas, respectivamente)

## #4.- SÓ LATÍN.-

Continuando coa viaxe retrospectiva chegamos ós tempos primeiros dos romanos, representados por aqueles nomes xeográficos que non evolucionaron co idioma senón que –por estar xa fixados como topónimos- conservaron formas primitivas. Estoume a referir a nomes como:

**Arruxo** (Bóveda de Amoeiro, Amoeiro) que ven do latín *arrugio*, palabra que na linguaxe común derivou en ‘arroio’, pero que neste topónimo se mostrou máis conservadora.

**A Cernada** (San Pedro de Rocas, Esgos) que en tempos romanos era *terra cinerata*, e dicir ‘terra incinerada’ por mor dalgún incendio ou dunha queima do monte para facer pastos. Quedoulle ‘A cinerata’ e de aí, evolucionando, A Cernada.

**Coles** (parroquia e Concello).-- Do latín *collis*, *-is* ‘outeiro’. Esa palabra latina deu en castelán ‘collado’ e en italiano ‘collina’ –que pasou ó castelán como ‘colina’-. En galego vese que non callou, pero nalgún momento primitivo parece que inda a usaban e aplicárona para nomear ise *collis* que despois sería **Coles**.

## #5.- RESTOS CELTAS-

A maioría dos topónimos galegos proceden, máis ou menos directamente, do latín. Cando os romanos chegaron, as Entidades de Poboación eran moitísimas menos ca agora, pero todas, loxicamente, co seu topónimo. Moitos deses lugares desapareceron e outros substituíron os seus nomes ó longo da historia. Aínda así perduran –máis ou menos desfigurados- moitos deses nomes prehistóricos. É crenza xeneralizada que a lingua que se falaba no país era algún ou algúns dialectos celtas. Non se sabe se era unha linguaxe unificada, nin se coexistían varias ou se se foron suplantando unhas a outras. A falta de documentos os especialistas fanse algunha idea de como era a tal linguaxe partindo de idiomas actuais da mesma familia céltica.

**Corneda** (Vilarrubín, Peroxa).-- Parece ser que procede de *\*Kor-Netos*, composto formado por dous étimos célticos. *Cor-* (corno orográfico) e *Neto* (un deus celta) o que viría a equivaler a algo así como “Monte de Neto” <sup>(8)</sup>

**Cambeo** (l. e p. de Coles).-- Posible raíz celta *cam-b* que denota curva, recodo ou outeiro redondeado.

Tamén é certo que ás veces os compoñentes celtas non garanten a antigüidade do topónimo. No caso de **Bouza**, por exemplo, a palabra procede dun celta *\*balcea*, pero ben puido formarse o topónimo despois de que a tal *\*balcea* entrase a formar parte do vocabulario dos latinos. O mesmo se podería dicir de **Lama** (dunha arcaica raíz *lam-* que pasou ó latín como *lama*) e outras varias.

## #6.- RELIQUIAS DA PREHISTORIA.

Antes deses pobos supostamente celtas houbo outros totalmente descoñecidos. Coa súa linguaxe e cos seus topónimos. Porque a existencia destes é de supoñer que proveña, polo menos, do Paleolítico Superior (uns 10.000 anos), cando o home se fixo sedentario. As falas deses tempos misteriosos tiveron que ser varias. Fálase do indoeuropeo, presunta linguaxe da que saírían as célticas, itálicas, xermánicas, etc. Incluso se supón que antes desta habería outras das que nin sequera se atina a darlle un nome. Segundo os tratadistas sería pre-indoeuropeo, paleoeuropeo, mediterráneo, etc. Pero a pesar de tanta escuridade é precisamente a Toponimia a que pode aportar algunha pequena muxica de insignificante vislumbre. Á forza de constatar pequenos elementos (xeralmente simples monosílabos) que se repiten en circunstancias xeográficas similares (ás veces en toda Europa) chéganse a establecer pistas ou indicios que, sen deixar de ser meras hipóteses, poden dar unha idea daqueles topónimos prehistóricos. Considérase que topónimos adscritos a palabras como ‘touza’, ‘varxa’ ou ‘toxo’ afunden as súas primeiras manifestacións en formas lingüísticas prehistóricas anteriores ás célticas e paracélticas.

Un exemplo: considérase que **Ab-** é unha raíz indoeuropea co valor de ‘auga, río’. Algunha palabra composta con esta raíz sería a orixe de **Abruciños**. Tamén se relaciona con auga e río a raíz *\*awer-*, esta preindoeuropea, presunto étimo do río Avia. Independentemente de que unha forma puidese proceder da outra, estamos a falar de linguas distintas, quen sabe se contemporáneas entre si ou separadas por séculos de distancia.

Posiblemente os nomes máis arcaicos haxa que buscalos nos hidrónimos. Por algunha extrana razón todos os sucesivos ocupantes dun territorio foron sempre, xeralmente, moito máis conservadores cos nomes dos ríos que co resto de topónimos. (Coas adaptacións fonéticas inevitables.) ¿Cantos miles de anos terán os nomes do Barbaña ou o do Loña?